

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE COMUNICA A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES DENTRO DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS PARA O INCREMENTO DO NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE NAVALLA E LONGUEIRÓN VELLO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA O ANO 2019 E PRORROGADO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2021.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 28 de xullo de 2021 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para cubrir unha (1) cota de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de navalla e longueirón vello dende embarcación para a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

2. Mediante resolución do 15 de outubro de 2021 da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo publicouse a lista provisional de aspirantes admitidos no proceso selectivo, coa puntuación provisional, non habendo solicitudes excluídas, e abriuse un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións.

3. Presentáronse un total de 2 escritos de alegacións que foron desestimados.

4. Revisadas as puntuacións acadadas polos participantes no proceso, compróbase que na lista de admitidos existen empates que deberán ser ordenados mediante un sorteo antes da selección definitiva.

5. O sorteo desenvolverase da seguinte maneira:

As 3 embarcacións participantes empatadas con 12 puntos numeraranse por orde alfabética. Meteranse os números nun bombo ou bolsa e sacaranse un a un de forma aleatoria. Cada número que saia colocarse sobre unha táboa e anotarse a orde acadada ao lado de cada participante do listado.

Lista de empatados

| N.º ORDE | NOME DA EMBARCACIÓN | MATRÍCULA | TOTAL PUNTOS |
|-----------------|----------------------------|------------------|---------------------|
| 1 | CARMEN | 3ªVILL-3 6037 | 12 |
| 2 | DIANA UN | 3ªVILL-3 5-02 | 12 |
| 3 | LOLA | 3ªVILL-3 6076 | 12 |



Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Á vista do exposto comunícase que esta xefatura territorial celebrará un sorteo público para dirimir o empate xurdido cos seguintes datos:

Data: 18 de novembro de 2021

Hora: 10:00 horas

Lugar: Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, Rúa Concepción Arenal, nº8 – 4º andar – Sala C

A asistencia ao sorteo é voluntaria. No caso de querer asistir deberan solicitar cita previa no correo electrónico recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando nome, apelidos e DNI.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles.

